

COMUNICADO DE PRENSA

Ourense, 1 de setembro de 2020 [ámbito de difusión pública e decontado]

Voltan as actividades dos cineclubes de Galicia e protocolo de seguridade ante a Covid-19

Comunicado da Federación de Cineclubes de Galicia «Feciga» en relación coa volta ás actividades dos cineclubes e aplicación dun protocolo de seguridade ante a Covid-19

Tras a interrupción das actividades motivada polo decreto das autoridades, para o control da Covid-19, a «Feciga» e os cineclubes de Galicia voltan de novo a súas actividades.

En base á información e ás recomendacións das autoridades sanitarias, os cineclubes de Galicia elaboraron un esquema de boas prácticas para un retorno seguro a súas actividades. Dito documento (en permanente actualización) está dispoñíbel para a súa consulta (e descarga) no [endereço:](https://www.cineclubes.gal/ir.gl/Protocolo-Covid19)

[ir.gl/Protocolo-Covid19](https://www.cineclubes.gal/ir.gl/Protocolo-Covid19)

Ao noso público pedímoslle comprensión e apelamos á responsabilidade persoal e colectiva para seguir ditas pautas e colaborar coa súa aplicación.

Pola túa saúde e da os/as demais, cumpre coas normas!. Moitos azos e forza!